



SERMOS GALIZA

E o Atlántico (e tod@s) abrazamos a Bernardino Graña

'Medre o Mar', a homenaxe nacional na Coruña a Bernardino Graña reuniu artistas, escritor@s, músic@s, cidadáns e cidadás ademais do amigo que non podía faltar: o mar

Sermosgaliza 2 de Setembro do 2012



@TatiMancebo

Non é o mar un elemento alleo á poesía galega. Desde as *cantigas* até a actualidade, non poucas autaras e autores galegas viron no mal a folla sobre a cal crear. Hóboos, de tan reiteradaente citados, Manoel Antonio, ao que mesmo lle puxeron o título de Poeta do Mar, un *cliché* en que non colle nin o poeta nin o mar. E hóboos, e hainos, que traspasaron a barreira e xa son mar (Manoel Antonio, Bernardino Graña). Por iso, a homenaxe nacional que a Asociación de Escritor@s en Lingua Galega (<http://www.aelg.org/>) e Arteu (<http://www.arteu.es/>) organizaron para Bernardino bailou sobre o mar, xa desde o seu título, 'Medre o Mar!'.

Foi unha xornada emotiva: desde medida mañá no Parque da Torre, Menhires (con artistas a crear debuxos, esculturas... coa obra de Graña como fonte) até a noite, cun acto poético musical e con proxeccións audiovisuais no Paraninfo da Universidade da Coruña, conducido por Xurxo Souto (outro elo na relación galega de cultura e mar). E houbo, tamén, unha travesía en barco polo Mar da Marola (*quen a pasou xa viu a mar toda*), ondee Anxo Angueira e Xabier P. Docampo fixeron de mantedores. O poeta de Cangas, máis unha vez, sobre o seu mar.

Centos de persoas tomaron parte na homenaxe nacional. Non acudiron os peixes, mais estaban perto. Milleiros deles, fieis a Bernardino Graña desde que o do Morrazo lles brindou unilos ao noso amor.

*Polo escuro do mar que vos contruba
aínda hai peixes de lus nos seus abrigos,
mariñeiros de Cangas, meus amigos,
meus irmáns de salitre e sol e chuva.*

Artigos relacionados (1)